



AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

Grao en Pedagogía

Curso Académico: Curso 2017-2018

- [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
 - Dimensión 1. A xestión do título
 - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
 - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
 - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
 - Dimensión 2. Recursos humanos
 - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
 - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
 - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
 - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
 - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- Plan de Melloras
 - Finalizadas Curso 2017-2018
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - [AM-PDG-1](#)
 - Criterio 2 - Información e transparencia
 - Criterio 5 - Recursos materiais
 - [AM-PDG-2](#)
 - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
 - [AM-PDG-3](#)
 - [AM-PDG-4](#)
 - [AM-PDG-5](#)
 - Abertas Curso 2018-2019
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - [AM-PDG-3](#)
 - [AM-PDG-4](#)
 - Criterio 2 - Información e transparencia
 - [AM-PDG-5](#)
 - Criterio 5 - Recursos materiais
 - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
 - [AM-PDG-1](#)
 - [AM-PDG-2](#)

<u>1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO</u>	
Denominación do título	Grao en Pedagogía
Mencións/Especialidades	
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	
Centro responsable	Facultade de Ciencias da Educación
Centro/s onde se imparte	Facultade de Ciencias da Educación
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2009/2010
Data acreditación ex ante (verificación)	22/06/2009
Data renovación acreditación	20/07/2016

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na análise do perfil de ingreso/egreso trátanse os seguintes aspectos: demanda, preferencia, perfil, procedencia, formación previa e número total da titulación.

1. Os datos da demanda da titulación mostran que está consolidada cunha demanda de 589 solicitudes (INF.CIUG_2017-2018, IN01G-PC-05). En primeiro lugar, indicar que no curso anterior ofertábase 71 prazas e neste curso 2017-18 ofertáronse 68 prazas, segundo a decisión do centro que aprobou ofertar un número de prazas levemente inferior para adecuar os números reais de matrícula final dado que en procedementos internos da universidade sempre se impón un número superior á oferta do centro. Isto xustifícase polos postos segundo os espazos dispoñibles nas aulas e o cociente profesorado/alumnado para unha docencia calidade que se considera adecuada como aparece na memoria a memoria. Desas 68 prazas ofertadas ao final matrícula real foi 80 persoas (118%) co que se vai aproximando á capacidade real. Pero aínda así o engadir alumnado por traslado incrementouse ata 83 persoas (IN03G-PC-05).

2. A nota media de acceso por preinscrición neste curso incrementouse 8,84 e superior ao ano anterior que era dun 8,14 (IN06G-PC-05). A porcentaxe de estudantes que acceden á titulación cunha media igual ou superior a 6 (IN07G-PC-05) é do 100% repetindo datos do ano anterior.

3. A taxa de ocupación (IN12G-PC-05) incrementouse cun 119,12% superando todas as anteriores, sendo o máximo xa que estaba nun 114,67% do curso 2015-16. O 81,2% dos matriculados elixen esta titulación entre o primeiro e segundo nivel de preferencia (Informe CIUG). Na relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas descendeu a 42,65% cambiando a tendencia que subía nos anos anteriores (curso 2016-17 47,89%). Nesta titulación as distintas vías de acceso foron cubertas nun 100% na convocatoria de xuño.

4. Cabe destacar que un 86% do alumnado procede de Bacharelato incrementando levemente desde o curso anterior 85% en detrimento de a Formación profesional (Informe CIUG).

5. En canto a outra caracterización do perfil na elección da titulación por cotas e procedencia (Informe CIUG, ING08-PC-05, ING09-PC-05) presenta os seguintes datos:

- 1 persoa entran despois de cursar outra titulación, aínda que a demanda supera a oferta de 1 praza.
- Por xénero o 82% son mulleres, baixando levemente respecto o ano anterior cun 88%
- Por procedencia o 96,2% son de Galicia co que se demostra a integración na sociedade galega da titulación e a resposta á demanda da contorna socioeconómica.
- Os estudantes nacionais descendieron de 1,88% a 1,28% O número de estranxeiros subiron de 0,63% no curso pasado ata o actual 0,96%, aínda que non recupera as cotas previas os recortes nas axudas.

Egresados: os valores do centro respecto a institución son bos nos tres indicadores, mellorando a taxa de gradación respecto ao ano 2016-17 en mais de un punto: de 72,31% a 83,56%. E no caso da taxa de éxito e da gradación superando a da USC

- Taxa de éxito 95,20% (USC é de 87,20%) (IN50G-S01-PM-01)
- Duración media dos estudos 4,45 (USC é de 4,98) (IN38G-S01-PM-01)

- taxa de gradación 83,56% (USC é de 57,97%) (IN37G-S01-PM-01)

A formulación da estrutura formativa da titulación base ao seu carácter académico, científico e profesional está plenamente vixente e pódese contrastar coa análise nas Xornada entre as facultades de Educación e o mundo do traballo celebrada no 2017. Nestas xornadas realizáronse estudos nos que aparecen como salientables os itinerarios formativos que son específicos da titulación de Pedagogía da USC e que non aparecen nos plans de estudo doutras universidades. Ditos perfís teñen interese e a demanda de novos ingresos na titulación foi superior ao do curso anterior. Os datos indican unha mellora na adecuación do perfil e unha demanda moi consolidada.

Ademais na titulación ofértanse actividades formativas que permiten o coñecemento do mundo profesional e a formación en competencias transversales. A difusión realízase pola aula de coordinación da titulación. O curso 2017-18 desenvóléronse as seguintes actividades:

Jornada de Pedagogía; Proxecto Nidos; Xornadas “A Educación Infantil (0-3). Entre a teoría e a práctica”; E agora que? Xornadas de orientación académico-profesional; Riscos derivados de internet e o uso das Redes Sociais; curso: Educación e Mediación en Museos; Programa de Formación para a Empregabilidade; IX Seminario de Avaliación de Materiais Didácticos; XIX Foro Galego de Educación en Igualdade; Programas de mobilidade outgoing; XVI Concurso de Ideas Empresariais Innovadoras da USC; Sostibilidade, Participación e Integración Universitaria (SPIU); Xornadas "Os recurso educativos en galego"; Mentoring USC: Desenvolvemento profesional; Booktrailer Film Festival; Competencias, claves e Recursos para alcanzar o éxito no mundo profesional.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O estudo das programacións das materias coa memoria da titulación realizado no curso 2016-17 e as melloras realizadas incidiron na satisfacción do alumnado coa docencia recibida 4,05 aumentou unhas décimas con anterior 3,88. As melloras centráronse nas seguintes medidas:

- Nas competencias: especificar das competencias da titulación ás que contribúen e as competencias específicas para diferenciar claramente a súa relación na titulación
- Nos sistemas de avaliación: explicitar os resultados esperados, as actividades a valorar e os sistemas de cualificación de forma concreta.
- Nos sistemas de comunicación e apoio continuo ao ensino: O emprego na atención do alumnado dun mecanismo de comunicación institucional polo correo electrónico RAI e o campus virtual

O tamaño dos grupos non é adecuado ás actividades formativas e dificulta o emprego de metodoloxías participativas e a aprendizaxe de prácticas de desempeño profesional. Os valores seguen sendo altos e aumentan, ademais de estar por riba da media da institución:

- Media de alumnado por grupo de teoría incrementase sobre o ano anterior 61,90% a este curso 62,83% (USC é de 53,95%)
- Media de alumnado por grupo de docencia interactiva incrementase obre o ano anterior 28,12% a este curso 28,72% (USC é de 21,77%)

A participación do alumnado en programas de mobilidade baixa respecto os cursos anteriores que estaba en 4,06% ata un 2,56%. A diminución de axudas a mobilidade e da contía das axudas incide especialmente neste período de crisis económica.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

O título conta con coordinacións por curso e traballan de forma horizontal e vertical na comisión do título. Para a coordinación traballase de forma presencial con reunións periódicas.

Cos distintos implicados os coordinadores realizan reunións de profesorado e reunións cos delegados por curso.

Tamén organízanse un aula de coordinación no campus virtual por título que ten tres funcións:

- soporte dos materiais de seguimento e instrumentos de traballo co profesorado e,
- espazo de comunicación co profesorado e o alumnado
- canle de difusión de todas as actividades tanto que organiza a Facultade o algún membro da mesma, como de actividades de outras institucións ou empresas relacionadas coa titulación. Tamén difúndese as accións formativas complementarias.

Para o practicum organízanse reunión de traballo cos implicados: profesorado titores e alumando.

O TFG ten tamén unha comisión de seguimento e realízanse reunión de traballo para mellora das guías do TFG, para a elaboración das rúbricas e para o análise do desenvolvemento.

Para o apoio ao alumnado existen varias estratexias:

- Presentación ao alumnado de primeiro nunha sesión co equipo decanal coa presentación da institución e os servizos para eles.
- Presentación por cada coordinador/a de curso das materias do curso correspondente, así recordar o funcionamento tanto do campus virtual coma das aulas de coordinación e dos canles de comunicación.
- Delegados de curso: cada ano convócanse elección a delegados

Compre destacar que no que atinxe á coordinación entre as materias do plan de estudos, o alumnado valora este ítem con un 2,53 (INF.22_2017-2018), valor que se incrementou respecto 2,27 do curso 2016-17. O profesorado valora este ítem cunha puntuación do 3,5 por riba do 3,10 do curso 2016-17 (INF.23_2017-2018). Necesita mellorar a coordinación entre materias.

En relación á valoración que o alumnado realiza da coordinación entre os distintos profesores da materia é de 4,07 mellorando desde o 3,68 do curso 2016-17 (INF.13_2017-2018). O profesorado valora a coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia con un 4,78 baixando unhas décimas desde o 4,88 do curso 2016-17 (INF.14_2017-2018). Ambas valoracións son altas.

A satisfacción do alumnado presenta valores altos

Alumnado (valores 1 al 5)

- Satisfacción do alumnado coa docencia recibida 4.05 aumentou unhas décimas con anterior 3,88 e segue a tendencia de incremento dos tres últimos anos e o máximo de todas as calculadas. (IN46G-S01-PM-01)

- Satisfacción prácticas externas 4,06, aumentou unhas décimas con anterior 3,99 e segue a tendencia de incremento dos últimos anos e o máximo de todas as calculadas. (IN19G-PC-09)
- Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas 4,12 mantense na tendencia de superar o 4 sendo unha valoración alta.
- Satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas aumentou unhas décimas do anterior 3,99 a 4,21 e segue a tendencia de incremento nos últimos anos e o máximo de todas as calculadas.

O incremento tanto na docencia coma nosa prácticas externas demostra que os mecanismos de coordinación están funcionando para que o desenvolvemento do plan de estudos e por todos os membros (alumnado, e formadores do centro e externos)

O profesorado realiza un gran esforzo tendo en conta as dificultades das condicións de falta de recursos de plantilla e complexidade de atender a docencia en varias titulacións

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

1. 81.2% dos matriculados elixen esta titulación entre o primeiro e segundo nivel de preferencia (Informe CIUG). A taxa de ocupación (IN12G-PC-05) incrementouse cun 119,12% superando todas as anteriores, sendo o máximo xa que estaba nun 114,67% do curso 2015-16.

2. Nesta titulación as distintas vías de acceso foron cubertas nun 100% na convocatoria de xuño. Cabe destacar que un 86% do alumnado procede de Bacharelato incrementando levemente desde o curso anterior 85% en detrimento de a Formación profesional (Informe CIUG).

3. En canto a outra caracterización do perfil na elección da titulación por cotas e procedencia (Informe CIUG, ING08-PC-05, ING09-PC-05) presenta os seguintes datos:

- 3 persoas que entran por cota de discapacidade e 2 persoas por cota de deportista de alto nivel, cubrindo o 100% a oferta en ambas.
- 3 persoas entran despois de cursar outra titulación superando a oferta que estaba en unha praza.
- Por xénero o 82% son mulleres, baixando levemente respecto o ano anterior cun 88%
- Por procedencia o 96,2% son de Galicia co que se demostra a integración na sociedade galega da titulación e a resposta á demanda da contorna socioeconómica.
- Os estudantes nacionais descenderon de 1,88% a 1,28% O número de estranxeiros subiron de 0.63% no curso pasado ata o actual 0,96%, aínda que non recupera as cotas previas os recortes nas axudas.

O centro emprega sistemas de información previa, a matriculación e os procedementos accesibles de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso para facilitar a súa incorporación á titulación do grao en Pedagogía da USC.

A información previa dende a páxina web da Facultade foi mellorada e valorada pola USC como modelo a seguir para outros centros.

Ademais fomentouse a información para a captación de estudantes mediante o programa “A Ponte entre o Ensino Medio e a USC” no que diversos profesores e egresados do grao de Pedagogía visitan centros de Ensino Medio impartindo así mesmo charlas temáticas nos centros. Podemos concluír que mellorouse a captación de estudantes acorde co perfil e a oferta de prazas da titulación xa que a nota media de acceso por preinscrición aumentou de 8,14 a 8,84.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...)

desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A nova normativa do TFG que permite a opcionalidade entre unha defensa ante tribunal ou ante o titor permite axilizar o proceso e parece incidir na taxa de gradación.

Os cambios na normativa de TFG aprobados no curso anterior para adaptarse as necesidade de flexibilización do proceso de defensa mellorou a taxa de gradación de 71,31% ao 83,56%, aumentando mais dun punto.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución pública, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En canto aos mecanismos existentes na institución para comunicar e garantir á totalidade de grupos de interese un fácil acceso á información relevante do título e dos procesos que garanten a súa calidade, destaca, en primeiro lugar, a páxina web da Facultade/ Título (http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacion_grao_es.html), a través da cal se publica información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo e o seu desenvolvemento.

Deste xeito, a través desta páxina web, os diferentes grupos de interese poden acceder a información fundamental referida a posibles trámites a realizar polo alumnado e prazos; coordinación do título e dos diferentes cursos; profesorado da titulación; obxectivos, competencias e saídas profesionais; plan de estudos, oferta e admisión –número de prazas de novo ingreso, nota de corte, perfil de ingreso, criterios de acceso e admisión e calendario de inscrición e matrícula-; horarios de cursos e calendarios de exames, así como outra información de interese, referida, especificamente, ao Practicum, ao Traballo Fin de Grao, ao Programa Alumnos/as Titores, Programas de Mobilidade, normas de permanencia e avaliación, Sistema de Garantía Interno de Calidade do título.

A difusión da información sobre o título, cómpre destacar as aulas virtuais, especialmente, a de Coordinación Xeral do título e as de Coordinación dos diferentes cursos, así como as pantallas informativas existentes no centro, a través das cales se favorece a difusión actualizada de información referida ao título, ao seu desenvolvemento e, sobre todo, no referido a actividades complementarias a desenvolver.

Finalmente, no referido á satisfacción coa información pública dispoñible sobre a titulación, cómpre salientar a valoración realizada polo alumnado 2,53 sobre 5, lixeiramente superior ao acadado 2,47 do curso 2016-2017 (INF.22_2017-2018). No caso do profesorado tamén sube a puntuación no 2017-18 con 3,96 sobre o 3,67 do ano 2016-17 (INF.23_2017-2018). Ambos mostran un avance na transparencia da información.

No referido á valoración realizada por parte dos egresados sobre a información pública dispoñible, a puntuación outorgada (2,53 sobre 5) mantén a tendencia a baixa desde a primeira vez que existen dato no ano 2014-15 que acadara 3,60 (IN23G-PC-12).

No caso dos egresados pódese propoñer unha estratexia na web do centro que permita ter unha sección específica para a titulación dado que o centro ten varias titulacións e pode ser que a información non está suficientemente indicada para os egresados de Pedagogía.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detecta debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na web do centro tamén no menú central o apartado de Calidade está a información completa dos procedementos e informes de calidade das titulacións na memoria de calidade

http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/calidade/plandecalidade_memoria_SGIC.html

O grao de cumprimento deste criterio é satisfactorio, xa que se teñen desenvolvidos os procedementos necesarios para garantir a súa calidade, entre eles, o funcionamento da Comisión de Calidade, o Manual Simplificado do SGIC e a Memoria de Calidade do Centro. Na páxina web da Facultade, ofrécese un acceso directo ao apartado de Calidade, no que aparece reflectida toda a información relativa á mesma: memorias verificadas, manuais do SGIC, informes de seguimento, etc.

A obtención de datos e o seu tratamento para avaliar e mellorar a calidade do título e da súa ensinanza lévase a cabo de acordo ao establecido mediante informes e enquisas. Con esta información, trátase de dar resposta aos indicadores xerais: plan docente anual, captación de estudantes, xestión da mobilidade e prácticas externas, avaliación de aprendizaxe, información pública, xestión dos recursos humanos, materiais e servizos, así como seguimento/acreditación do título e satisfacción dos grupos de interese: alumnado egresado, profesorado, estudantes, títors/as externos do Practicum, PAS.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os documentos que configuran no SGC son o Manual Simplificado del Sistema de Garantía e o Manual de Procesos y Procedimientos. Ambos documentos, están dispoñibles a través da páxina web da Facultade que imparte o título. No centro elabórase anualmente unha Memoria de Calidad, que recolle información relativa ao SGC, ao seguimento do título e ao plan de melloras do centro, incluíndo as accións de mellora derivadas do seguimento dos títulos. O

seguimento das melloras que se presentan no apartado 3 (plans de mellora) confirman, polo menos parcialmente, a súa eficacia e o compromiso do centro co desenvolvemento de accións viables e relevantes para a consecución dos obxectivos expostos na memoria de verificación do título, de acordo coas recomendacións contidas nos informes finais da ACSUG correspondentes aos sucesivos informes de seguimento.

3.3.- O SGC implantado revisase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O SGC revisase periodicamente para proceder á súa actualización e mellora. Neste proceso participan os representantes dos distintos grupos de interese, que teñen a oportunidade de realizar as súas contribucións e suxestións ao mesmo. De feito, pódese afirmar que a cultura de calidade vaise interiorizando a un ritmo razoable por parte de todos os axentes implicados.

O Manual Simplificado do SGIC adoptouse por primeira vez en decembro de 2013, sendo revisado en 2015 (aprobado por Xunta de Facultade o 22 de abril de 2015 e, finalmente, pola Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno da USC o 12 de xuño de 2015).

No próximo curso deberemos afrontar unha nova revisión do SGIC unha vez que se revisou o SGIC marco da USC o pasado mes de febreiro de 2018 e este reto recollerase nas accións de mellora do centro no curso 2018-2019.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Trabajo Fin de Grao ou Trabajo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Segundo os datos recollidos no Informe de Indicadores da Facultade de Ciencias da Educación, curso académico: 2017-18 o análise do profesorado é o seguinte:

1. Cualificación do profesorado que participa no título

Os datos do curso 2017-18 (2501110_E15_2017-2018) informan que no título participan 62 docentes. Estes 62 docentes, divídense nas seguintes categorías: Contrato Predoutoral Ministerio, 8; Contrato Predoutoral Xunta, 11; Profesor/a: Catedrático/a de Universidade, 6; Profesor: Asociado de Universidade LOU, 5; Profesor Contratado Interino, 13; Profesor Axudante Doutor LOU, 3; Profesor Contratado Doutor, 11; Profesor Titular de Universidade, 15.

1.1. Os datos indican que a relación porcentual entre o PDI con sexenios e o PDI total con docencia no título foise incrementando ata o curso 2015-16, pero sempre moi lonxe da media da USC con 81,80 (2017-18). Ata o curso o 2016-17 e 2017-18 no que observamos un leve retroceso manténdose na mesma cifra:

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Total (%)	46,51	52,38	56,41	68,97	68,75	68,75

1.2. Durante o curso 2017-18 a porcentaxe de PDI doutor no título segue nun retroceso importante nos últimos anos separándonos cada vez mais do 83,27 da USC:

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Total (%)	81,40	88,10	87,18	89,74	80,00	76,00

1.3. Seguindo coa tendencia dos resultados anteriores, observamos, segundo os datos (IN26C-PS-01) que a

relación porcentual entre o PDI funcionario e o PDI total con docencia no título, decreceu de forma importante nos cursos académicos 2016-17 e 2017-18 e tamén neste último por debaixo da media da USC (59,83):

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Total (%)	62,79	59,52	64,10	61,54	53,33	42,00

Como conclusión global podemos indicar que no último curso académico decreceu o PDI con sexenios, PDI doutor e PDI funcionario na tendencia que comezou no ano anterior e que ten relación co aumento nas xubilacións de profesorado e as condicións de contratación que paralizaron a carreira profesional dos docentes na USC precarizando as prazas con perfil de asociados con contratos de poucas horas.

2. Prácticas externas

1.1. A satisfacción do alumnado cos programas de prácticas externas (IN19G-PC-09), despois duns anos nos que tiña descendido, viuse incrementada de forma importante no curso 206-17 cun 3,99 e segue a tendencia no curso 2017-18, superando por primeira vez el valor 4.

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Total	3,84	3,75	3,64	3,62	3,99	4,06

1.2. A satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas externas (IN20G-PC-09), é maior que a dos estudantes e ademais consolídase a un nivel moi alto cunha puntuación do 4,12 dado que o rango é de 1-5.

1.3. E no caso dos titores académicos (IN21G-PC-09) incrementouse tamén la valoración realizada respecto a do curso 2015-16 que estaba nuha media de 4.10 e no curso 2017-18 alcanza a puntuación mais alta ata agora: 4,21.

Os tres indicadores reflexan unha mellora significativa na satisfacción dos participantes nas prácticas externas e que pode relacionarse coas actividades de mellora implementadas nos catro últimos anos.

3. Número de docentes

3.1. En relación á ratio de estudantes por profesor a tempo completo (IN30CG-PS-01) podemos indicar que non temos datos do curso 2016-17 nin do curso 2017-18 pero, segundo o procedemento de cálculo para obter o número de estudantes matriculados no título dividido polo número de profesores a tempo completo que imparten docencia no título, esta ratio, seguindo coa tendencia de cursos académicos anteriores, viuse incrementada (non hai datos dos cursos seguintes):

	2010-11	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16
Total	6,36	6,33	6,88	8,29	8,81	9,00

3.2. A media de alumnos por grupo de teoría mide a relación entre o número de alumnos matriculados e o número de grupos de teoría. Este dato (IN31G-PS-01) demostra que no curso académico 2016-17, aínda que con un pequeno descenso, se segue a manter a tendencia no ano 2017-18 de aumentar separándonos da media da USC (53,95):

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Total	62,20	66,36	64,54	64,44	61,90	62,83

3.3. Por outro lado, (IN32C-PS-01) a media de alumnos por grupo de docencia interactiva, é dicir, a relación entre o número de alumnos matriculados e o número de grupos de docencia interactiva, diminuíu algo no curso 2016-17, aínda que volve a aumentar no 2017-18 cun 28,72 por riba da media da USC (21,77).

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Total	26,86	28,99	26,40	28,15	28,12	28,72

Os datos dos apartados 3.1, 3.2 e 3.3 ten influencia directa nas dificultades que ten o profesorado para desenvolver as tarefas docentes, o seguimento das actividades prácticas nas materias, e dificultando o seguimento do aprendizaxe de forma individualizada.

4- Satisfacción dos estudantes e dos docentes

4.1. - Os indicadores de satisfacción de estudantes en relación permítenos coñecer a opinión dese grupo de interese sobre a docencia que reciben. Os datos (N46G-S01-PM-01) revelan que a satisfacción dos estudantes é alta 4,02 superando por primeira vez o valor 4.

- A porcentaxe de participación na enquisa foi lixeiramente menor (44,71%) no curso 2016-17, no ano 2017-18 cun 49,67 aumentou significativamente sendo o mellor dato desde o 2012-13 (IN48G-PM-02).

Na seguinte táboa pode verse a evolución dos últimos anos respecto á valoración dos estudantes coa docencia recibida:

Curso académico	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Valoración global	3,76	3,85	3,96	3,84	3,88	4,02
Porcentaxe de participación	44,71	32,94	31,69	45,71	44,71	49,67

4.2. A satisfacción do profesorado coa docencia impartida (IN47G-S01-PM-01) mostra unha puntuación que foi incrementándose todos os anos aínda que a valoración mais antiga xa reflexaba un valor de 3,90 e non era baixa. Esta tendencia segue e por primeira vez supera o valor 4 no curso 2017-18 cun 4,05.

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2016-17
Total	3,90	3,94	3,94	3,99	4,05

5. Actualización e formación continua do profesorado

A Porcentaxe de PDI que realizou algún curso de formación ten diminuído nos últimos anos (5016_I6-I7_2017-2018). O curso académico 2015-16 é o último do que temos datos. Nese ano a porcentaxe de participación do profesorado do título nos plans de formación foi dun 14,89%, o dato máis baixo dende o curso 2011/2012, no que a porcentaxe de participación foi do 50,00%. A satisfacción global do PDI coas actividades formativas desenvolvidas no curso académico 2017-18 é de 4,39 sobre 5, lixeiramente superior ao respecto ao curso anterior (4,35), obtendo a totalidade de ítems referidos tanto á organización como á percepción da aprendizaxe valores superiores a 4. Destacamos tamén que o ítem: Recomendaríalle vostede a outros/as compañeiros/as que se matriculasen neste curso?, subiu lixeiramente respecto ao curso 2016-17 (4,30 vs 4,42)

Xa por último, en relación á participación do profesorado en programas de mobilidade (5016_INF.10_2017-2018), cabe dicir que no curso 2017-18 produciuse un considerable descenso respecto do curso 2016-17 (9,43% vs 33,23%)

O profesorado non é suficiente para desenvolver a súa docencia polo excesivo número de alumnado por grupo. Cos datos de satisfacción pode valorarse que o profesorado centrouse na mellora da docencia en detrimento da súa participación en actividades formativas e en mobilidade.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A distribución na Facultade do persoal de apoio é a seguinte (E16_2017-2018): Conserxería: 4; e Tarefas de Administración e Xestión, 5; e Apoio Administrativo aos Departamentos: 5.

En relación á porcentaxe de participación do PAS no centro en plans de formación (5016_INF.10_2017-2018) observamos que decreceu lixeiramente, pasando do 52,9% no curso 2016-17 ao 50% no curso 2017-18.

A enquisa de satisfacción do Persoal de Administración e Servizos (N=3) informa que o PAS puntúa con 3,67 sobre 5 a súa satisfacción xeral co traballo que desenvolve, mellorando sustancialmente o dato do curso 2016-17 (2,86). A satisfacción no posto de traballo e coa dirección da unidade, ou procesos de comunicación, acadou puntuacións inferiores á media da USC. En relación aos espazos e recursos, a valoración do PAS tamén é inferior á media da USC pero lixeiramente superior á indicada no curso 2016-17. A valoración da formación recibida para desempeñar o meu traballo é axeitada segue sendo inferior á da USC. A leve baixada do uso 2016-17 cun valor de 3,91 recupérase no 2017-18 cun 3,99 como no ano 2015-16

O persoal de apoio do centro é insuficiente para as tarefas de xestión das titulacións: 4 grados, 7 masters e 2 doutoramentos. Non houbo aumento de plantilla e a reclamación a universidade non foi atendida na situación de recortes de recursos económicos na educación superior pública.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais, ... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na páxina web da Facultade http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/index.html infórmase de forma detallada das infraestruturas e servizos cos que conta o centro para dar soporte aos procesos formativos.

O alumnado da titulación realiza a seguinte valoración (INF.22_2017-2018) dos recursos materiais e servizos:

- aulas e o seu equipamento 2,33 (aumenta lixeiramente respecto ao curso anterior, pero segue sendo inferior á valoración global da USC;
- laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento (2,47), igual que no curso anterior pero inferior á USC;
- espazos destinados ao traballo autónomo (salas de estudo, aulas de informática,...) outórgaselle unha valoración de 3, superior ao curso anterior á superior á USC;
- dispoñibilidade de fondos bibliográficos recomendados na titulación (3,60) dato idéntico ao do curso anterior e inferior á USC;

- o alumnado, ao contrario que o profesorado, incrementa a súa valoración da plataforma de docencia virtual e ferramentas multimedia (3,40 vs 2,93 no curso anterior).

O grao de satisfacción dos egresados cos servizos (IN33G-PS-03) descende lixeiramente no curso 2017-18 respecto do curso 2016-17 (3,52 vs 3,62).

A Facultade dotou cos seguintes recursos diferentes espazos do Centro: 2 ordenadores para préstamo para o alumnado (situados na Conserxería); no Salón de Actos: Equipo de videoconferencia, equipo son e iluminación; Seminario 3 Módulo B: Equipo de videoconferencia; Seminario Lisardo Doval Módulo A: Pantalla de proxección eléctrica e Proxector; Sala de profesores Módulo A: Ordenador

O Centro ten dificultades coa dotación de espazos e recursos xa que as dimensións das instalacións e o número de aulas son claramente insuficiente para atender as titulacións que ofértanse. Desde a titulación solicitarase ao centro que reclame a institución maior dotación de espazos para as necesidades académicas.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No conxunto dos resultados obtéñense puntuacións superiores á media da USC (MedUSC_2017-2018)

- Na taxa de rendemento do título: 87,84 (78,46 da USC) (IN34G-S01-PM-01) aínda que baixa unhas décimas respecto o curso 2016-17 con 88,09

- Na taxa de éxito: 93,43 (87,20 da USC) (IN35G-S01-PM-01) aínda que baixa unhas décimas respecto o curso 2016-17 con 93,62

- Na taxa de avaliación: 94,01 (89,98 da USC) (IN36G-S01-PM-01) aínda que baixa unhas décimas respecto o curso 2016-17 con 94,10

- Na taxa de gradación: 83,56 (57,97 da USC) (IN37G-S01-PM-01) neste caso a tendencia é a alza cunha variación de mais dun punto sobre o curso 2016-17 cun 72,31. Ademais representa un claro avance no esforzo desde os anos anteriores que xa melloraron progresivamente, pero nesta ocasión e mais significativo

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Total (%)	55,26	60,00	68,00	72,31	83,56

Isto reflíctese na duración media dos estudos 4,45 (IN38G-S01-PM-01), sendo tamén inferior á duración media da USC 4,98 (MedUSC_2017-2018).

Os datos nos anteriores indicadores representan o esforzo realizado na titulación que pese as condicións de precariedade da plantilla e falta de recursos e espazos para a docencia de calidade en comparación coa dotación de ambos na institución é moi superior na titulación.

En relación á taxa de rendemento, unha análise detallada permite apreciar que todas as materias teñen unha taxa superior ao 67%, de feito esa é a puntuación máis baixa, superando o 90% a maior parte das materias (INF.18_2017-2018) Realizando unha análise máis polo miúdo, compre destacar a taxa de éxito de diferentes materias acada o 100% e estando todas por riba do 71% (INF.17_2017-2018). A maioría das materias teñen unha taxa de avaliación superior ao 85% (INF.19_2017-2018)

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En relación aos indicadores de demanda, podemos apuntar, que tal e como xa indicamos no punto 1 deste Informe, o número de prazas ofertadas no curso 2017-18 é de 68 (IN01G-PC-05) e o número de estudantes de novo ingreso foi de 83,00 (IN03G-PC-05). Produciuse un descenso no número de estudantes de novo ingreso como consecuencia da solicitude de redución dun 5% da matrícula nos cursos anteriores. Do número de estudantes de novo ingreso, 81, se matricularon no primeiro curso dun plan de estudos por primeira vez (IN04G-PC-05).

O número de estudantes que se tiñan preinscrito na titulación como primeira opción foi do 42,65 (IN10G-PC-05), sendo a nota media de acceso de por preinscripción de 8,84 (IN06G-PC-05).

No que respecta aos indicadores de resultados, retomamos a información exposta no apartado 6.1 deste informe, no que a taxa de rendemento do título: 87,84, descendeu unhas décimas respecto dos cursos anteriores (IN34G-S01-PM-01), a taxa de éxito: 93,43 mantense practicamente igual a cursos anteriores (IN35G-S01-PM-01) ao igual que a taxa de avaliación: 94,01 (IN36G-S01-PM-01) e a taxa de gradación: 83,56 (IN37G-S01-PM-01). Pero salientamos que todas están por riba da media da USC.

En relación á taxa de abandono durante o primeiro curso, temos que dicir que esta se sitúa no 23,08, cifra algo superior á do curso 2016-17 (IN40G-S01-PM-01). Esta situación representa unha problemática que pode ter diversos factores no caso da titulación e a posibilidade de que o primeiro curso pode ter unha base case idéntica con outras titulacións e leve a cambios. Para analizar isto propónse unha acción de mellora que permita cos datos que facilita a institución indagar as causas.

A taxa de abandono segundo RD 1393/2007 sitúase en 10,96, o que segue consolidando o descenso de anos anteriores (27,63; 22,67; 17,33; 13,85 respectivamente). Neste caso a mellora é significativa xa que mantén a tendencia a baixa e mellora sustantivamente a media da USC (22,70).

A reflexión centráse na clara incidencia de factores externos á titulación na subida do indicador de abandono de primeiro cando nos outros cursos ademais o abandono diminúe case á metade. A problemática da subida no abandono de 1º relacionase coa confluencia dos 4 títulos de educación da Facultade o do título de Psicoloxía que ao permitir a normativa pasar dunha titulación a outra é un factor externo a Facultade. No caso do centro a coordinación de primeiro consultou co alumnado se necesitaban orientacións e non houbo ningunha consulta. No caso da Xestora de centro que tamén da orientación non recibiu ningunha consulta.

Se atendemos á taxa de éxito dos egresados (IN50G-S01-PM-01), esta sitúase en 95,20 (cifra algo inferior á do curso 2016-17). A taxa de idoneidade na gradación (IN51G-S01-PM-01) incrementouse respecto do dato do curso 2016-17 (60%) a 72,60 no curso 2017-18.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1.- Alumnado:

En relación aos indicadores de satisfacción, o índice de satisfacción do alumnado coa titulación (INF.22_2017-2018) varían en algúns ítems:

- Decrecen: a satisfacción relacionada coa información e orientación recibida e coa orientación profesional e laboral na titulación pasou respectivamente, de 2,73 e 2,60 no curso 2016-17 a 2,27 e 2,20 no curso 2017-18. En relación á planificación e desenvolvemento das ensinanzas, as puntuacións obtidas en diferentes ítems decrecen respecto ás obtidas no curso 2016-17. É necesario, polo tanto, analizar esta situación para tratar de subir esta puntuación.
- Aumentan: Como xa indicamos noutro momento deste informe, a satisfacción do alumnado cos recursos materiais e servizos incrementou no curso 2017-18 en todos os ítems avaliados. A satisfacción en relación á atención ao alumnado con necesidades especiais creceu no curso 2017-18, pasando dunha puntuación de 2,33 no 2016-17 a 2,88.

A valoración media da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida mostra unha valoración media dun 4,02, valoración que se incrementou respecto aos cursos anteriores (2016-17: 3,88) IN46G-S01-PM-01. Analizando pormenorizadamente os resultados da enquisa (INF.13_2017-2018), destacar que en todos os ítems da enquisa incrementáronse as puntuacións sendo en todos eles os valores máximos acadados ata agora.. En sete dos ítems as puntuacións superan o 4 e nos sete restantes a puntuación menor é do 3,75, o que reflicta un avance e mellora constante. Desde o curso 2016-17 superáronse todas as puntuacións no 2017-18. Entre as puntuacións destácanse os seguintes aspectos puntuados nunha escala de 1 a 5 con valor superior a 4 e por orde de puntuación maior:

- En relación ao cumprimento dos programas e plans de traballo previstos é a máis alta cun 4,34 (4,20 no 2016-17).
- No ítem relativo á explicación do programa da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade docente acádase unha puntuación de 4,23 no curso 2016-17 e superada no 2017-18 cunha puntuación do 4,30 o cal indica unha elevadísima concordancia.
- No referente á resolución de dúbidas que se formulan en diferentes contextos: clase, titorías, aula virtual, correo electrónico..., acádase unha puntuación de 4,09 no curso 2016-17 e mellora no curso 2017-18 ata un 4,20.
- O alumnado indica que o profesorado amosa unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos/coas estudantes tamén reflicta mellora respecto o 3,99 do curso 2016-17 cun 4,16 no 2017-18.
- A axuda recibida nas titorías tiña unha puntuación media de 3,90 no curso 2016-17 incrementouse significativamente no 2017-18 ata un 4,15 o que representan que a utilización das titorías está a reforzarse.
- A coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia foi unha mellora moi importante a destacar no curso 2017-18 cun 4,07 respecto o ano 2016-17 que tiña puntuación de 3,68.
- O último ítem en superar o valor 4 na puntuación foi a satisfacción globalmente co/coa profesor/a da Materia cun 4,01 no 2017-18 desde o 3,85 que aparece no 2016-17.

Pódese valorar positivamente no curso 2017-18 os esforzos realizados no traballo do profesorado na planificación da súa docencia e na coordinación cando nas materias traballan varias persoas. Ademais, os estudantes están mostrando moita satisfacción coa titoría e comunicación do docente o que facilita o apoio e o seguimento do aprendizaxe. Tamén destaca a facilidade para que o estudante poida aprender dunha forma autónoma.

En relación á satisfacción do alumnado de mobilidade saínte (2501110_INF.04_2017-2018) N=2, dicir que o estudantado aumentou considerablemente a súa satisfacción en relación co información previa proporcionada polos seguintes órganos: SRE, Facultade e Oficina de Información Universitaria. Outros ítems relacionados coa satisfacción tamén incrementaron o seu valor respecto ao curso 2016-17. Todos os ítems puntúa por riba de 4,5 sobre 5, tendo, a maioría dos ítems unha puntuación de 5.

2.- Profesorado

Por outro lado, a satisfacción do profesorado coa titulación (INF.23_2017-2018) N=27 incrementa no ítem: información

dispoñible dos obxectivos xerais e competencias do plan de estudos, de 4 (curso 2016-17) a 4,19 (curso 2017-18). Sen embargo, prodúcese un lixeiro descenso en relación a satisfacción coas competencias do plan de estudos, de 4,2 (curso 2016-17) a 4,04 (curso 2017-18). A satisfacción respecto á coordinación entre as materias do plan de estudos, o desenvolvemento das ensinanzas da titulación e o calendario de probas de avaliación subiu respecto ao curso 2016-17; sen embargo, a satisfacción relacionada coa organización temporal das materias do plan de estudos, os horarios e a proporción entre as sesións teóricas e as prácticas na titulación, diminuíu lixeiramente. En relación aos recursos materiais, a satisfacción incrementouse nos laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento, espazos destinados ao traballo autónomo do alumnado e a dispoñibilidade de fondos bibliográficos recomendados na titulación; decreceu en relación ás aulas e equipamentos e plataformas para a docencia. A satisfacción en relación á orientación ao alumnado tamén se incrementou. Centrándonos agora na satisfacción do profesorado coa docencia impartida (INF.14_2017_2018) comprobamos que o ítem que evidencia unha menor satisfacción é: o nivel co que chega o alumnado (coñecementos habilidades) é suficiente para afrontarse aos contidos da materia (3,3) e que mais puntúa é: a coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia foi efectiva (4,78). Destácase aquí que se produciu un incremento do 26% (curso 2016-17) ao 34% (curso 2017-18) no interese do profesorado por recibir formación de apoio para a mellora da docencia relativa ás novas tecnoloxías aplicadas á docencia. O mesmo sucede no ítem en recibir formación de apoio para a mellora da docencia relativa ao apoio didáctico e pedagóxico xeral que incrementa incremento do 21% (curso 2016-17) ao 27% (curso 2017-18). Estes datos serán trasladados aos Programa de Formación e Innovación Docente.

Á vista dos datos, compre reflexionar sobre certos aspectos nos que sería conveniente traballar dende a titulación.

3.- Prácticas externas

En relación á satisfacción do alumnado que realiza prácticas externas (INF.06_2017-2018) N=20, temos que indicar que en todos os ítems, a valoración indicada supera a do curso 2016-17. É dicir, incrementouse o nivel de satisfacción. O detalle xa o indicamos noutro apartado deste informe.

A enquisa de satisfacción realizada os/as titores/as externos/as cos programas de prácticas externas (2501110_INF.07_2017-2018) N=21 informa que algún ítems acadan unha puntuación algo inferior que no curso 2016-17, e observamos que é necesario mellorar a satisfacción xeral relativa á comunicación e coordinación cos/coas responsables académicos/as do título. Os elementos cos que máis satisfeitos se encontran os titores externos son: o grao de integración do alumnado no medio de traballo e o grao de cumprimento por parte do alumnado das actividades asignada.

Por outro lado, a enquisa de satisfacción realizada os/as titores/as académicos de prácticas externas (2501110_INF.08_2017-2018) N=8, informa que a dita satisfacción é bastante elevada xa que en todos os ítems avaliados a puntuación supera 4,1.

4.- Egresados

Xa para rematar, a satisfacción dos egresados (INF.09_2017-2018) incrementouse respecto ao curso 2016-17 en relación á formación práctica, pero decreceu respecto a ese curso en relación á formación teórica. Atendendo a diferentes capacidades ás que contribúe a titulación, a enquisa pon de manifesto o incremento da satisfacción respecto ao curso 2016-17 nas seguintes: capacidade de comunicación oral/escrita, capacidade de análise, capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións dentro do meu ámbito de estudo. Decrece a valoración na capacidade para a aprendizaxe autónoma e capacidade de traballo en equipo. A valoración en relación á realización de prácticas externas durante a titulación, (grao no que consideras que completaron a túa formación), decrece respecto ao curso 2016-17 (4,14 vs 3,9). O nivel de satisfacción relacionado cos programas de mobilidade, elévase e acada a puntuación máxima, 5. Tamén aumenta a satisfacción respecto ao curso 2016-17 en na satisfacción en relación a: grao en que a formación recibida na titulación cumpriu as expectativas creadas antes de comezala, grao de satisfacción global co profesorado da titulación, satisfacción coa adecuación dos horarios, o calendario académico e de exames e a organización académica en xeral co título, apoio recibido nas actividades de acollida e presentación realizadas polo centro/título. A valoración da satisfacción diminúe respecto ao curso 2016-17 cando se valoran servizos e infraestruturas.

5.- PAS

En relación á satisfacción do PAS (5016_INF.11_2017-2018 e 5016_INF.21_2017-2018), en relación á formación

recibida valóranse varias dimensións. En relación á organización, os obxectivos e contidos e a percepción da aprendizaxe, a valoración media subiu respecto ao curso 2016-17. A satisfacción global coas actividades formativas recibidas foi maior no curso 2017-18 que no 2016-17. O informe da enquisa de satisfacción do Persoal de Administración e Servizos mostra que aumentou a satisfacción en case todos os ítems relacionados co posto de traballo, a satisfacción relacionada coa comunicación decrece un pouco respecto ao curso anterior ao igual que os espazos e recursos.

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Para os datos da inserción laboral contamos cos datos da cohorte curso 2013-14 (EIL-SIIU_2015-2016). A inserción presenta indicadores en primeiro no 2015 e segundo ano no 2016. Por contrato, predomina o contrato temporal 54,5% sobre o indefinido 45,5% en primeiro ano e recollido no 2015. Para 2016 aumenta temporal a 61,5. Esta tendencia responde a nova política de contratación social que favorece este tipo de contrato. Por xornada laboral. No primeiro ano predomina a media xornada con 54,5%e un porcentaxe moi baixo en contrato a tempo completo. No segundo ano cambia bastante e o porcentaxe mas alto está na contratación a tempo completo 38,5%. Pode ser que o primeiro ano os empregadores contemplan os contratos como período para valorar as competencias e logo coa experiencia teñan mais oportunidades. Por grupo de cotización. As diferencias entre o primeiro e o segundo ano aquí tamén son moi grandes. No primeiro ano os egresados traballan en postos de baixo e normal cun 50% e no nivel universitario cun 25%. E no segundo ano o grupo ade cualificación que mais porcentaxe ten é o universitario cun 43,8%. Isto pode ter relación coa percepción entre os perfís profesionais e os postos de traballo no emprego.

3. <u>LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES</u>			
Craterios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do Título
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	PDF
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	PDF
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2501110_P.Ind_2017-2018
			2501110_INF.16_2017-2018
			2501110_INF.CiUG_2017-2018
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	--
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2501110_P.Ind_2017-2018
			5016_INF.03_2017-2018
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública**")	Web da USC
			Web do Centro
			Web do Título

3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web do Centro
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, enseñanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	Web do Centro
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web do Centro
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2501110_P.Ind_2017-2018
			2501110_INF.04_2017-2018
			5016_INF.05_2017-2018
			2501110_INF.06_2017-2018
			2501110_INF.07_2017-2018
			2501110_INF.08_2017-2018
			2501110_INF.09_2017-2018
			5016_INF.10_2017-2018
			5016_INF.11_2017-2018
			2501110_INF.13_2017-2018
			2501110_INF.14_2017-2018
			5016_INF.21_2017-2018
			2501110_INF.22_2017-2018
			2501110_INF.23_2017-2018
2501110_Informe_de_indicadores_2017-2018			
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2501110_P.Ind_2017-2018
			2501110 _Informe_de_indicadores_2017-2018
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado	2501110_E15_2017-2018

		(número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5016_E16_2017-2018
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5016_I6-17_2017-2018
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5016_I6-17_2017-2018
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2501110_INF.13_2017-2018
			2501110_INF.14_2017-2018
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5016_I10_2017-2018
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do Centro
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	Web do Centro
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	PDF
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Enlace web
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	PDF
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	2501110_INF.15_2017-2018
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIU)	Autoinforme, Criterio 7

6,7	112	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimient - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2501110_P.Ind_2017-2018
			2501110_INF.17_2017-2018
			2501110_INF.18_2017-2018
			2501110_INF.19_2017-2018
			2501110 _ INF_SIIU_2017-2018
			2501110 _Informe_de_indicadores_2017-2018
7	113	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2501110_P.Ind_2017-2018
			2501110_INF.CiUG_2017-2018
			2501110_Informe_de_indicadores_2017-2018
7	114	Resultados de inserción laboral	2501110_EIL-SIIU_2017-2018
1,4,5	115	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	2501110_P.Ind_2017-2018
			2501110 _Informe_de_indicadores_2017-2018
			2501110 _MedUSC_2017-2018

4 .MODIFICACIÓN DO PLAN DE ESTUDOS

MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-PDG-1 (Curso 2017-2018)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Necesidade de clarificar os perfís dos pedagogos/as ao estudiantado
Definición/ descripción proposta	Iniciouse no curso anterior. A ficha sobre as saídas profesionais non foron elaboradas polo profesorado. Propónse agora outra estratexia de traballo de análise dos programas das materias.
Datas	Finalización: 28/12/2018; Inicio: 29/09/2017
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 28/03/2018
Responsables	Maria José Méndez Lois
Tarefa1	AM-PDG-1.1
Descrición tarefa	Elaboración dunha proposta das saídas profesionais sacada do traballo do Colexio de decanos (Monográfico de Barcelona) e do debate no centro. Difusión na web
Data prevista de finalización	28/12/2018
Responsable	Beatriz Cebreiro López
Estado	Non Executada
Comprobación Tarefa	AM-PDG-1.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Esta tarefa non puido realizarse por falta de tempo para o debate no centro co profesorado da titulación.

Data Comprobación	12/03/2019
Incidencias	Non hai
Axustes/Novas Tarefas	Finalmente esta tarefa non se realizará e reformúlase para unha nova acción de mellora con inicio no curso 2018-19
Tarefa2	AM-PDG-1.2
Descrición tarefa	Análise das achegas das materias ao perfil profesional.
Data prevista de finalización	28/12/2018
Responsable	Beatriz Cebreiro López
Estado	Non Executada
Comprobación Tarefa	AM-PDG-1.2. Comprobación N°. 1
Descrición Comprobación	Esta tarefa foi formulada para realizada na aula virtual de coordinación do campus virtual pero non rexistraron as achegas do profesorado. Consideramos que a estratexia para recoller a información pode formularse a través doutras canles.
Data Comprobación	12/03/2019
Incidencias	Non hai
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa3	AM-PDG-1.3
Descrición tarefa	Elaboración dunha base de datos de profesionais que colaboran co centro para organizar actividades obrigatorias dentro de algunha materia da titulación
Data prevista de finalización	28/12/2018
Responsable	Beatriz Cebreiro López
Estado	Non Executada

Comprobación Tarefa	AM-PDG-1.3. Comprobación N°. 1
Descrición Comprobación	Esta tarefa foi formulada para realizada na aula virtual de coordinación do campus virtual pero non rexistraron as achegas do profesorado. Consideramos que a estratexia para recoller a información pode formularse a través doutras canles.
Data Comprobación	12/03/2019
Incidencias	Non hai
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-PDG-2 (Curso 2017-2018)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	Escasa participación do alumnado nas actividades de orientación académico-profesional organizadas e, ao mesmo tempo, demanda por parte dos estudantes de accións deste tipo.
Definición/ descripción proposta	Elaboración dun estudo exploratorio sobre as necesidades de titorización e orientación do alumnado do título. A súa realización prolongarase ao longo do curso 2018-2019 Serán tamén responsables as coordinadoras de curso.
Datas	Finalización: 28/12/2018; Inicio: 01/09/2017
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 28/03/2018
Responsables	Beatriz Cebreiro López
Tarefa1	AM-PDG-2.1
Descrición tarefa	Elaboración dos instrumentos de recollida de información do alumnado sobre as súas necesidades de titorización e orientación na Universidade. Será tamén responsable da súa implantación a Coordinación de cada un dos cursos
Data prevista de finalización	31/08/2018
Responsable	Beatriz Cebreiro López
Estado	Executada
Comprobación	AM-PDG-2.1. Comprobación N.º 1

Tarefa	
Descrición Comprobación	Elaborouse o instrumento para a recollida da información (Arquivo: Enquisa satisfacción alumnado grado 16-17.pdf)
Data Comprobación	12/03/2019
Incidencias	Non hai
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa2	AM-PDG-2.2
Descrición tarefa	Recollida de datos do estudo sobre as necesidades de titorización e orientación do alumnado do título. Será tamén responsable da súa implantación Decanato, a Coordinación do Título e a Coordinación de Curso.
Data prevista de finalización	31/08/2018
Responsable	Beatriz Cebreiro López
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-PDG-2.2. Comprobación N°. 1
Descrición Comprobación	Os datos recolléronse no curso 2016-17
Data Comprobación	12/03/2019
Incidencias	Non hai
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-PDG-3 (Curso 2017-2018)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
Análise causa	Es recomendable realizar un seguimiento de los indicadores de satisfacción
Definición/ descripción proposta	Seguimento adecuado de los indicadores de satisfacción del alumnado de la titulación. Será tamén responsable de súa implantación o responsable de Calidade do Centro, a Coordinación da Titulación e Coordinación de cursos.
Datas	Finalización: 28/12/2018; Inicio: 03/09/2018
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 28/03/2018
Responsables	Beatriz Cebreiro López
Tarefa1	AM-PDG-3.1
Descrición tarefa	Análise de resultados das enquisas de satisfacción do curso 16-17. Será tamén responsable da súa implantación a Coordinación de Cursos.
Data prevista de finalización	03/09/2018
Responsable	Beatriz Cebreiro López
Estado	Non Executada
Comprobación Tarefa	AM-PDG-3.1. Comprobación N°. 1
Descrición	Os datos das enquisas están tratados estatisticamente pero non

Comprobación	se elaborou aínda o informe coa análise de datos
Data Comprobación	12/03/2019
Incidencias	Non hai
Axustes/Novas Tarefas	Durante o curso 2018-19 realizarase a análise dos datos e a presentación do informe
Tarefa2	AM-PDG-3.2
Descrición tarefa	<p>Discusión de resultados e propostas de mellora e ou selección e difusión de boas prácticas.</p> <p>Será tamén responsable do seu desenvolvemento a persoa responsable de Calidade do Centro, a Comisión de Garantía de Calidade, a Coordinación do Título e as Coordinacións de curso.</p>
Data prevista de finalización	28/12/2018
Responsable	Beatriz Cebreiro López
Estado	Non Executada
Comprobación Tarefa	AM-PDG-3.2. Comprobación N°. 1
Descrición Comprobación	Non se realizou esta tarefa porque depende da finalización da tarefa anterior que aínda non está executada
Data Comprobación	12/03/2019
Incidencias	Non hai
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-PDG-4 (Curso 2017-2018)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
Análise causa	Análise detallada dos indicadores de gradación e abandono da titulación
Definición/ descripción proposta	Dadas as taxas de gradación e abandono da titulación que se presentan no informe 2501110_P. Ind_2016-2017 procede facer unha análise con detalle e tomar as medidas axeitadas. Serán responsables da súa realización a Comisión de título e a Comisión de Calidade do Centro
Datas	Finalización: 28/12/2018; Inicio: 01/09/2017
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 28/03/2018
Responsables	Beatriz Cebreiro López
Tarefa1	AM-PDG-4.1
Descrición tarefa	Análise da evolución dos datos e elaboración de unha proposta de intervención para dous cursos
Data prevista de finalización	28/12/2018
Responsable	Beatriz Cebreiro López
Estado	Non Executada
Comprobación Tarefa	AM-PDG-4.1. Comprobación N.º. 1
Descrición Comprobación	Esta tarefa é dependente da información que achega a institución a través do servizo de Calidade e retrasouse ata o

	mes de febreiro do 2019 polo que non houbo tempo a realizala na data prevista (28/12/2018)
Data Comprobación	12/03/2019
Incidencias	Non hai
Axustes/Novas Tarefas	Continuaremos esta tarefa no curso 2018-19
Tarefa2	AM-PDG-4.2
Descrición tarefa	Estudo dos posibles abandonos por cada semestre e intervención de titores especializados
Data prevista de finalización	28/12/2018
Responsable	Beatriz Cebreiro López
Estado	Non Executada
Comprobación Tarefa	AM-PDG-4.2. Comprobación N°. 1
Descrición Comprobación	Esta tarefa é dependente da información que achega a institución a través do servizo de Calidade e retrasouse ata o mes de febreiro do 2019 polo que non houbo tempo a realizala na data prevista (28/12/2018)
Data Comprobación	12/03/2019
Incidencias	Non hai
Axustes/Novas Tarefas	Continuarase no curso 2018-19

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-PDG-5 (Curso 2017-2018)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
Análise causa	Nivel de la taxa de abandono de primeiro curso.
Definición/ descripción proposta	Identificación do abandono potencial en primeiro curso e elaboración de plans de intervención ante os casos detectados
Datas	Finalización: 28/12/2018; Inicio: 01/09/2017
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 28/03/2018
Responsables	Beatriz Cebreiro López
Tarefa1	AM-PDG-5.1
Descrición tarefa	A partir do Informe de Abandono Potencial (INF. 20) e detectados os casos de alumnado que non ten superada ningunha materia no primeiro semestre, elabórase un plan específico de titorización do estudantado de primeiro con profesorado voluntario.
Data prevista de finalización	28/12/2018
Responsable	Beatriz Cebreiro López
Estado	Non Executada
Comprobación Tarefa	AM-PDG-5.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Esta tarefa é dependente da información que achega a institución a través do servizo de Calidade e retrasouse ata o mes de febreiro do 2019 polo que non houbo tempo a realizala

	na data prevista (28/12/2018)
Data Comprobación	12/03/2019
Incidencias	Non hai
Axustes/Novas Tarefas	Continuarase no curso 2018-19

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-PDG-1 (Curso 2018-2019)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
Análise causa	Realizar un seguimento dos indicadores de satisfacción
Definición/ descrición proposta	Seguimento adecuado dos indicadores de satisfacción do alumnado da titulación
Datas	Finalización: 31/07/2019; Inicio: 05/03/2019
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Beatriz Cebreiro López
Tarefa1	AM-PDG-1.1
Descrición tarefa	Análise de resultados das enquisas de satisfacción do curso 16-17. Será tamén responsable da súa implantación a Coordinación de Cursos.
Data prevista de finalización	12/03/2019
Responsable	Beatriz Cebreiro López
Estado	Activa
Tarefa2	AM-PDG-1.2
Descrición tarefa	Discusión de resultados e propostas de mellora e ou selección e difusión de boas prácticas. Será tamén responsable do seu desenvolvemento a persoa responsable de Calidade do Centro, a Comisión de Garantía de Calidade, a Coordinación do Título e as Coordinacións de curso.

Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Beatriz Cebreiro López
Estado	Activa

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-PDG-2 (Curso 2018-2019)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
Análise causa	Análise detallada dos indicadores de gradación e abandono da titulación
Definición/ descrición proposta	<p>Dadas as taxas de gradación e abandono da titulación que se presentan no informe 2501110_P. Ind_2016-2017 procede facer unha análise con detalle e tomar as medidas axeitadas.</p> <p>Serán responsables da súa realización a Comisión de título e a Comisión de Calidade do Centro. Esta acción de mellora retómase do curso anterior: AM-PDG-4 (Curso 2017-2018).</p>
Datas	Finalización: 31/07/2019; Inicio: 12/03/2019
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Beatriz Cebreiro López
Tarefa1	AM-PDG-2.1
Descrición tarefa	Análise da evolución dos datos e elaboración de unha proposta de intervención para dous cursos
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Beatriz Cebreiro López
Estado	Activa
Tarefa2	AM-PDG-2.2
Descrición tarefa	Estudo dos posibles abandonos por cada semestre e intervención de titores especializados

Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Beatriz Cebreiro López
Estado	Activa

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-PDG-3 (Curso 2018-2019)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Necesidade de clarificar os perfís dos pedagogos/as ao estudiantado de Ensino Medio
Definición/ descripción proposta	No marco do Programa A Ponte, acollida dende a Coordinación da Titulación do estudiantado de Educación Secundaria que visita o centro para explicarlle as competencias da titulación, o plan de estudos e as saídas profesionais do Grao en Pedagogía
Datas	Finalización: 31/07/2019; Inicio: 03/09/2018
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Beatriz Cebreiro López
Tarefa1	AM-PDG-3.1
Descrición tarefa	Participación nos Encontros cos Centros de Ensino Medio da USC para informar ao alumnado desa etapa educativa da titulación en Pedagogía.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Beatriz Cebreiro López
Estado	Activa
Tarefa2	AM-PDG-3.2
Descrición tarefa	Elaboración dun tríptico con información para o estudiantado e para os/as orientadores/as dos centros. Difusión na web
Data prevista de finalización	31/07/2019

Responsable	Beatriz Cebreiro López
Estado	Activa

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-PDG-4 (Curso 2018-2019)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Necesidade reforzar a comprensión das competencias que se poderán adquirir coa titulación e que poderán ser clave na inserción profesional posterior
Definición/ descrición proposta	Revisión das competencias do título de cara a traballar para mellorar a súa comprensión en diferentes colectivos a través de diferentes vías
Datas	Finalización: 31/07/2019; Inicio: 03/09/2018
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Beatriz Cebreiro López
Tarefa1	AM-PDG-4.1
Descrición tarefa	Organización de dúas charlas para todo o estudiantado de 1º e de 3º curso da titulación. Realizarase unha charla para cada un dos grupos no que se abordarán aspectos relacionados coas competencias da titulación diferentes e adaptados a cada curso.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Beatriz Cebreiro López
Estado	Activa
Tarefa2	AM-PDG-4.2
Descrición tarefa	Estudio da redacción das competencias da titulación coa finalidade de analizar si sería necesaria unha reformulación do texto para facelo máis comprensible aos estudantes.

Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Beatriz Cebreiro López
Estado	Activa
Tarefa3	AM-PDG-4.3
Descrición tarefa	Proposta de contraste das competencias da titulación aos Colexios Profesionais. Interésanos coñecer a opinión dos profesionais en relación á redacción das competencias do título, por iso, enviáremosllas para que acheguen a súa opinión.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Beatriz Cebreiro López
Estado	Activa
Tarefa4	AM-PDG-4.4
Descrición tarefa	Realizar unha consulta a con un grupo de egresados sobre as competencias da titulación. Esta tarefa continuará no curso 2019-20.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Beatriz Cebreiro López
Estado	Activa

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-PDG-5 (Curso 2018-2019)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 2 - Información e transparencia
Análise causa	Os egresados perciben transmiten pouca satisfacción en relación á información sobre o título
Definición/ descripción proposta	Clarificar información dirixida aos egresados en relación ao título
Datas	Finalización: 31/07/2019; Inicio: 04/03/2019
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Beatriz Cebreiro López
Tarefa1	AM-PDG-5.1
Descrición tarefa	No caso dos egresados pódese propoñer una estratexia na web do centro que permita ter una sección específica para a titulación dado que o centro ten varias titulacións e pode ser que a información non estea suficientemente indicada para os egresados de Pedagogía.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Beatriz Cebreiro López
Estado	Activa